

Así mesmo, ao longo do curso e como parte do proceso formativo da avaliación, o alumnado será informado dos resultados obtidos en todas as probas obxectivas que se lle realizan mostrándolles cales son os seus puntos fortes e os máis frouxos. O profesorado mostrará e explicará de antemán as rúbricas que vaian ser utilizadas como mecanismos de avaliación nas probas de produción oral e escrita, na avaliación de aspectos relacionados coa conduta e actitude cara o traballo e a aprendizaxe en si, así como o modelo e o peso de cada exercicio nas probas.

Cada profesora informará ao seu alumnado que teña a materia pendente sobre os mecanismos de recuperación da mesma, información que tamén se lles enviará persoalmente mediante mensaxería AbalarMóbil ás familias.

A nota final pode ser obxecto de reclamación dentro dos mecanismos establecidos a tal efecto.

Toda a anterior información será transmitida ao alumnado antes da realización dos primeiros exames de avaliación e redactada na presente PD cos criterios de cualificación claramente diferenciados.

3. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

3.1 Criterios e procedementos de avaliación e cualificación durante o curso e terceiro parcial

Os criterios e procedementos de avaliación son iguais para todos os cursos da ESO, tal e como se recollen na táboa da seguinte páxina:

ESTÁNDARES E ELEMENTOS A AVALIAR	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PESO NA NOTA
Comprensión de textos orais (<i>Listening</i>)	P- Proba(s) escrita de comprensión de textos orais. I- Rexistro cualitativo das probas.	10%
Producción de textos orais (<i>Speaking</i>)	P- Observación da expresión oral individual e da interacción. I- Rexistro cualitativo das intervencións/presentacións con rúbrica*.	20%
Comprensión de textos escritos (<i>Reading</i>)	P- Proba(s) escrita de comprensión lectora. I- Rexistro cualitativo das probas.	10%
Producción de textos escritos (<i>Writing</i>)	P- Proba(s) de produción escrita. I- Rúbrica* e rexistro das probas.	20%
Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural (<i>Grammar, Vocabulary, Phonetics & Culture</i>)	P- Exercicios específicos de gramática, vocabulario, fonética e elementos culturais nas probas escritas. I- Rexistro cualitativo das probas.	30%
Traballo de aula e casa (<i>Classwork and Homework</i>)	P- Observación do traballo e da contribución que aporta I- Rexistro cualitativo e cuantitativo. Rúbrica*	10%

*As rúbricas para a avaliación das observacións e dos rexistros cualitativos e cuantitativos das actividades inclúense no final da presente PD, no apartado 8.

Os procedementos establecidos polo departamento para superar a materia de inglés son os seguintes:

- a. O alumnado superará a materia en cada unha das avaliacións parciais cando acade como mínimo 5 puntos sobre 10, obtidos da media das distintas partes a avaliar tal e como está indicado na táboa arriba detallada.

- b. O alumnado que supere o 3º parcial cunha nota igual ou superior a 5 puntos aprobará a materia do curso. Isto débese ao carácter sumativo que presenta a aprendizaxe dunha lingua, de modo que as probas do 3º parcial van incluír todos os contidos que se traballaron ó longo do curso.
- c. O alumnado que non supere o 3º parcial poderá superar a materia do curso na avaliación final.
- d. As partes cuxa avaliación se realice por medio de exame, terán un exame por avaliación.
- e. No caso de que o alumno ou alumna utilice métodos fraudulentos durante a realización dunha proba, esa proba en concreto levará a cualificación mínima.

3.2 Criterios e procedementos de avaliación e cualificación na avaliación final

O alumnado que non supere a materia no 3º parcial de maio/xuño ten a posibilidade de presentarse á proba final antes da sesión de avaliación do 22 de xuño. Este alumnado será avaliado, en principio, segundo os criterios que se sinalan a continuación:

ESTÁNDARES E ELEMENTOS A AVALIAR	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PESO NA NOTA
Comprensión de textos orais (<i>Listening</i>)	P- Proba escrita de comprensión de textos orais. I- Rexistro cualitativo das probas.	10%
Producción de textos orais (<i>Speaking</i>)	P- Observación da expresión oral individual e da interacción. I- Rexistro cualitativo das intervencións/presentacións con rúbrica*.	20%
Comprensión de textos escritos (<i>Reading</i>)	P- Proba escrita de comprensión lectora. I- Rexistro cualitativo das probas.	10%
Producción de textos escritos (<i>Writing</i>)	P- Proba de produción escrita. I- Rúbrica* e rexistro das probas.	20%
Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural (<i>Use of English, Phonetics & Culture</i>)	P- Exercicios específicos de gramática, vocabulario, fonética e elementos culturais nas probas escritas. I- Rexistro cualitativo das probas.	40%

*As rúbricas para a avaliación das observacións e dos rexistros cualitativos e cuantitativos das actividades inclúense no final da presente PD, no apartado 8.

- a. Aquelas destrezas de comunicación (*Listening, Speaking, Reading e Writing*) que estean aprobadas no 3º parcial non necesitarán repetirse para a avaliación final.
- b. No caso de que o alumno ou alumna utilice métodos fraudulentos durante a realización dunha proba, esa proba en concreto levará a cualificación mínima.

Con respecto aos critérios de promoción, as decisións sobre a promoción do alumnado dun curso a outro, dentro da etapa, serán adoptadas de xeito colexiado polo equipo docente, atendendo ao logro dos obxectivos da etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.

3.3 Criterios e procedementos de avaliación e cualificación para alumnado ca materia pendente

A recuperación do Inglés como materia pendente de cursos anteriores vai acompañada dun plan específico de recuperación, por tanto dita recuperación vai depender do progreso e consecución dun grao mínimo esixible no curso académico presente, sendo avaliado pola profesora do devandito curso. A profesora avaliará o esforzo e progreso realizado tanto nas *tasks* (tarefas) do curso actual como todas aquelas que lle envíe para suplir a falta de base, de maneira que ao finalizar o curso, a profesora conta con datos suficientes para determinar se houbo progreso, aínda no caso de que non aprobebase o curso presente.

A recuperación da materia pendente ten, por tanto, unha dobre vía:

1ª vía: A superación do curso presente.

2ª vía: O progreso realizado desde o inicio de curso.

3.4 Criterios e procedementos de avaliación e cualificación en caso de ensino semi-presencial/telemático

Como se sinalou anteriormente no apartado 2.2.1 o ensino semi-presencial ou completamente telemático seguirá na medida do posible os mesmos parámetros que o ensino presencial. No caso de alumnado a quen lle coinciden períodos de confinamento en datas de realización de probas, serán avaliados a partir de todas as notas recollidas ata o momento, xunto coas observacións de aula, corrección de tarefas por medio de rúbricas e a realización de tarefas e/ou probas dentro do entorno dixital (Aula Virtual, plataforma Cisco Webex de videoconferencia e correo electrónico).